CONCELLO DE PONTEVEDRA

TRG

RESOLUCIÓN COMPLEMENTARIA DO CONCELLEIRO DE GOBERNO RESPONSABLE DA ÁREA DE PERSOAL POLA QUE SE EXCLÚE PROVISIONALMENTE A DON LUÍS MIGUEL COSTA ALVARIÑA E DON ROI PORTEIRO REY DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA CUBRIR 3 PRAZAS VACANTES DE POLICÍA LOCAL, QUENDA LIBRE, INCLUÍDAS NA OEP DO ANO 2017

1.- Publicadas no BOP núm.144, do venres 27 de xullo de 2018, as bases xerais e específicas que regulan a convocatoria de procesos selectivos para acceder a diversas categorías do corpo da Policía Local do Concello de Pontevedra incluídas na OEP 2017, realizados os trámites pertinentes para a formación dos Tribunais cualificadores e finalizado o período establecido para a presentación de instancias , ditouse con data do 09/11/2018 polo concelleiro de goberno responsable da Área de Persoal resolución provisional de aspirantes admitidos e excluídos e a composición do tribunal para o proceso selectivo convocado para cubrir varias prazas do corpo da Policía Local incluídas na OEP do ano 2017.

2.-Na citada resolución figura como excluído no proceso selectivo convocado para cubrir tres prazas de policía da Policía Local (OEP 2017), quenda libre, don Luís Miguel Costa Alvariña indicándose como causa de exclusión a número 7 a cal se corresponde no listado de causas de exclusión coa "non presentación de certificado médico no que se faga constar expresamente que o aspirante reúne as condicións físicas e sanitarias para a realización dos exercicios ou por presentar certificado médico caducado ou sen data de expedición".

Indicar que o Sr. Costa Alvariña é funcionario de carreira deste concello ocupando en propiedade un praza de policía local (toma de posesión 16/03/2017).

3.-En relación coa exclusión de don Luís Miguel Costa Alvariña, sinalar que o artigo 50.3 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do empregado público de Galicia indica que non poden participar nos procesos selectivos as persoas que xa pertenzan ao respectivo corpo, escala ou categoría profesional.

4.-Polos motivos expostos, procede engadir unha nova causa de exclusión do Sr. Costa Alvariña á xa indicada (causa número 7) na resolución provisional de admitidos e excluídos do 09/11/2018 e emitir unha resolución complementaria para recoller a nova causa de exclusión de don Luís Miguel Costa Alvariña, con DNI 77403157S do proceso selectivo convocado para cubrir tres prazas vacantes de policía local no Concello de Pontevedra pola quenda libre.

5.-Por outra banda, sinalar que con data do 16/11/2018 o interesado don Roi Porteiro Rey púxose en contacto mediante comunicación telefónica co Servizo de Persoal deste concello ao non figurar como aspirante admitido ou excluído na resolución provisional do 09/11/2018 relativa aos aspirantes admitidos e excluídos e a composición do tribunal para o proceso selectivo convocado para cubrir prazas de policía local incluídas na OEP do ano 2017

Na mesma data, o Servizo de Persoal constatou a presentación da documentación alegada por don Roi Porteiro Rey (DNI 79328194k) no rexistro de entrada do Concello de Carballo, o que tivo lugar o día 11/10/2018, ás 09:53 (dentro do prazo de presentación de instancias) e con número de Rexistro de entrada 20180000006576, tal e como consta no xustificante de presentación do SIR (Sistema de Interconexión de Rexistros).

Como consecuencia dun problema técnico a solicitude do Sr. Porteiro Rey non foi remitida polo Concello de Carballo en prazo de presentación de instancias e remitiuse finalmente a este concello don data do 16/11/2018 dentro do prazo de emenda de solicitudes legalmente establecido.

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:HE2538SQXI7L09CI

6.-Comprobada a documentación presentada polo interesado, este resulta excluído provisional ao non acreditar suficientemente estar en posesión da titulación esixible para o acceso á prazas ou non acreditala mediante presentación de copia do título oficial (causa número 6)

7.- En consecuencia, procede incorporar ao expediente a documentación achegada polo Sr. Porteiro Rey e emitir unha resolución complementaria para declarar a don Roi Porteiro Rey, con DNI 77403157S como aspirante excluído provisional no proceso selectivo **convocado para cubrir tres prazas vacantes de policía local no Concello de Pontevedra pola quenda libre,** incluídas na Oferta Emprego Pública do ano 2017, que deberá publicarse coa maior brevidade posible.

En consecuencia co arriba exposto e de conformidade coas Bases reguladoras da convocatoria, esta Concellería de Goberno RESOLVE:

Primeiro.- Excluír a don LUÍS MIGUEL COSTA ALVARIÑA na lista provisional de aspirantes admitidos e excluidos no proceso selectivo convocado para cubrir tres prazas vacantes de policía local do Concello de Pontevedra, quenda libre, polas seguintes causas:

-Por non presentar certificado médico no que se faga constar expresamente que o aspirante reúne as condicións físicas e sanitarias para a realización dos exercicios físicos ou por presentar certificado médico caducado ou sen data de expedición (causa número 7).

-Por xa pertencer ao corpo da Policía Local do Concello de Pontevedra coa categoría de policía local, como funcionario de carreira dende o 16/03/2017, segundo o disposto no artigo 50.3 da Lei 2/2015 exposto na parte expositiva da presente resolución.

Segundo.- **Excluír a don ROI PORTEIRO REY na lista provisional de aspirantes admitidos e excluidos** no proceso selectivo convocado para cubrir tres prazas vacantes de policía local do Concello de Pontevedra, quenda libre, por non acreditar suficientemente estar en posesión da titulación esixible para o acceso á prazas ou non acreditala mediante presentación de copia do título oficial (causa número 6)

Tercerio.- De conformidade co previsto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas, os aspirantes excluídos ou aqueles que puideran resultar omitidos, por non figurar na relación provisional de admitidos ou de excluídos, disporán **dun prazo de dez días hábiles**, a partir do día seguinte ao da publicación da presente resolución no Boletín Oficial da Provincia, para poder emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión.

Para ditos efectos deberá presentarse a documentación correspondente no Rexistro Xeral deste Concello ou nas demais formas que determina o artigo 16 da Lei 39/2015, no prazo sinalado.

Advírtese aos interesados que, de non procederse á subsanación, en cada caso de que corresponda, serán declarados **definitivamente excluídos**.

Concluído o prazo de 10 días para presentación de subsanacións ou reclamacións contra a presente resolución, de non presentarse reclamación algunha, a lista provisional de admitidos elevarase a definitiva. No suposto de que se produzan reclamacións deberá ditarse nova resolución, estimándoas ou desestimándoas.

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:HE2538SQXI7L09CI

CONCELLO DE PONTEVEDRA

TRG

A resolución pola que se resolvan as reclamacións, aprobará a lista definitiva de admitidos e excluídos e publicarase no BOP e no Taboleiro de editos do Concello.

Cuarto.- A presente resolución publicarase no BOP e no Taboleiro de editos do Concello, situado no baixo do edificio Michelena 30, para xeral coñecemento aos efectos previstos nas bases da convocatoria e , de forma complementaria, na Sede Electrónica do Concello de Pontevedra cuxa dirección é http://sede.pontevedra.gal (antigamente Páxina Web do Concello de Pontevedra www.pontevedra.eu).

Así o ordena e dispón o concelleiro de goberno responsable da Área de Réxime Interior, Persoal e Patrimonio no exercicio das súas atribucións delegadas, ante o secretario da administración municipal, que DA FE da precedente resolución.

Asinado por: JOSE CARLOS CASTIÑEIRA PIÑEIRO
Servizo: SECRETARIA DA ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL
Cargo: SECRETARIO
Data: 19/11/2018

Asinado por: VICENTE LEGISIMA GARCIA
Servizo: ALCALDIA
Cargo: CONCELLEIRO
Data: 19/11/2018
Este documento foi asinado electrónicamente conforme á lexislación de sinatura electrónica
COD RESOL.2018005088

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:HE2538SQXI7L09CI